Santander

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO

CONCELLO DE VIGO

# RUN RUN
# 5+5 CALVARIO
# BANCO SANTANDER

16 FEBREIRO DE 2025




# REGULAMENTO CARREIRA CALVARIO 5+5

## DIA E LUGAR: CALVARIO 16 DE FEBREIRO 2025

A saída da carreira de 5 quilómetros e a de 10 quilómetros, que será conxunta e está reservada para homes e mulleres de 16 anos ou máis, efectuarase desde Jenaro de la Fuente, no Calvario, diante do edificio de Bodegas Bandeira ás 11:15 horas.

Tamén haberá carreiras de promoción para menores que terán lugar a partir das 10.00 horas no mesmo lugar.

A andaina sairá as 9:30 horas.

# PERCORRIDOS




## 5 KM

Circuito urbano dunha volta ata completar o total dos 5000 metros.

## 10 KM

Circuito urbano de duas voltas completas ata contabilizar o total de 10.000 metros.

## ANDAINA

Circuito urbano circular de 10 km de longo e unha duración estimada de duas horas e media.

# CATEGORIAS PARA OS MENORES



## CARREIRAS DE MENORES

CATEGORIA MINI: NENAS E NENOS ATA OS 5 ANOS. 80 METROS
CATEGORIA A: A PARTIR DE 6 ANOS ATA OS 8 ANOS: 700 METROS
CATEGORIA B: A PARTIR DE 9 ANOS ATA OS 12 ANOS: 1400 METROS
CATEGORIA C: A PARTIR DE 13 ANOS ATA OS 15 ANOS: 2100 METROS

## CARREIRA POPULAR

CATEGORIA D: A PARTIR DE 16 ANOS ATA OS 19 ANOS: O MESMO PERCORRIDO QUE A CARREIRA 5+5 MAIS SEN ESTAR INCLUIDO NA CLASIFICACIÓN DA RUN RUN VIGO.

CATEGORÍA M6 y F6: TODOS/AS PARTICIPANTES MAIORES DE 70 ANOS QUE NON PARTICIPEN NA CATEGORÍA RUN- RUN PARTICIPARÁN NESTA CATEGORÍA SENDO PREMIADOS/AS OS TRES PRIMEIROS/AS

# CATEGORIAS
# RUN RUN VIGO









## HOMES

M1 (1986-2005)
M2 (1976-1985)
M3 (1966-1975)
M4 (1961-1965)
M5 (1960 O ANTERIORES)

## MULLERES

F1 (1986-2005)
F2 (1976-1985)
F3 (1966-1975)
F4 (1961-1965)
F5 (1960 O ANTERIORES)

## INCLUSIVA

A equipa de "Discamiño" participa do evento de forma activa, dando visibilidade e amosando o espíritu máis deportivo.

# INSCRIPCIÓNS I

Abrirase un período de inscrición que rematará o mércores 12 de febreiro ás 23:59 horas.

Dita inscrición realizárase en www.magmasports.es

A cota de inscrición para a carreira 5+5 Calvario é de 9€ . O prezo é valido ata o luns 10 de febreiro. Os días 11, e 12 o prezo será de 12€ .

Ten que ser feita a escolla entre a distancia 5k ou 10k no momento de inscrición (non estando permitido modificala posteriormente).
Só garántese reserva da talla da camiseta ata o luns día 10 De Febreiro.

A cota de inscrición para a andaina de 10 km é de 5€ sendo obrigatorio o uso de dorsal oficial da 5+5 Calvario para participar na mesma.

A cota de inscripción das carreiras de menores de 16 anos será de 2€. Estas carreiras non serán cronometradas por chip, pero terán camiseta técnica, medalla e lambetadas en meta.

Os menores ao realizar a inscrición, teñen que facer mención da talla correspondente.

A inscrición dá dereito a participar na proba, seguro de responsabilidade civil e de accidentes, así como facer uso de todos os servizos establecidos pola organización para os participantes.



# INSCRIPCIÓNS II




Na carreira de 5Km haberá camiseta técnica coa imaxe do evento para todas as persoas rexistradas ao igual que na de 10 km. Só garántese tallas ata o luns 10 de febreiro.

Todos as e os corredores disporán de avituallamento líquido e sólido ao finalizar, salvo os rexistrados en 10 km que o terán tamén a metade do percorrido.

Os/as atletas quedarán inscritos a efectos de clasificación no circuíto, por ano de nacemento.

Os/as atletas que a nivel federativo, por cuestións relacionadas coa súa data de nacemento cambie de categoría en parte das probas, puntuará a efectos do circuíto na categoría que lle corresponda por ano de nacemento.

A carreira absoluta será cronometrada por chip, o cal se deberá levar obrigatoriamente pegado ao dorsal.

**Non se admitirá a cancelación dá inscrición nin se devolverá o custo da mesma por motivos alleos á organización.**

# ENTREGA DE DORSAIS












O venres día 14 de Febreiro desde as 16.00 horas a 20.00 h en MAIS QUE AUGA Barreiro e no sábado día 15 en horario continuo de 10.00 h. a 20.00 h. no DECATHLON do centro comercial Meixueiro.

Non se entregan dorsais o día da carreira, salvo aos corredores que sexan de fóra de Vigo, previa confirmación por correo electrónico a info@avcalvario.org. A entrega será no Mercado do Calvario en horario de 08:30 a 10:00.

Pódense recoller os dorsais doutra persoa, presentando os datos de identidade das mesmas.

As tallas das camisetas entregáranse por estrita orde solicitada, polo corredor. A organización non se responsabiliza das variacións ou cambios nas medidas (Tallas camisetas).

**A inscrición é persoal e intransferible.**

# PREMIOS




**Na carreira absoluta (10 km )**
Primeiro clasificado masculino e primeira clasificada feminina: un Xamón de castañas.
Para o segundo e terceiro clasificados , homes e mulleres de cada categoría, trofeo
**Na carreira 5 km**
Primeiro clasificado masculino e primeira Clasificada feminina un lote de lacón e de chourizos
O segundo e terceiro clasificado masculino e Feminino. Trofeo

Resto de categorías, medalla ao primeiro clasificado
Medalla e lambonadas para todos os participantes en categoría infantil.
Premio ao club máis numeroso.
Premios ao clasificado 200, 400, 600 e 1.000:
Matrícula e dúas mensualidades Máis que Auga (Barreiro)

Para optar a premio será necesario un mínimo de tres participantes na categoría

Os premios non serán acumulativos.

A entrega de premios realizarase as 12.45h na zona de meta (Edificio Bandeira). Pódese esixir DNI ou documento identificativo oficial no momento de recollida de premios .Os gañadores dos premios deberán estar presentes na entrega dos trofeos e agasallos. Pasada 1h e unha vez feita pública as listas oficiais das clasificacións da proba .

**Non se admitirá reclamacións, relativas á clasificación nin á entrega dos trofeos e agasallos.**

# SERVIZOS AOS PARTICIPANTES

A organización disporá de servizo de gardarroupa (interior do mercado) para os participantes así como de spa e sauna. duchas e vestiarios (Máis que Auga Barreiro)

ASISTENCIA MÉDICA
A organización conta con servizo médico adecuado. UVI medicalizadas e ambulancia de evacuación en saída e meta e controlada ao longo do percorrido da proba.

Os participantes autorizan aos servizos sanitarios da proba a que lle practiquen calquera cura que puidese necesitar estando ou non en condicións de solicitala, tamén se fose necesario a requirimento do médico de abandonar a proba por seguridade da súa saúde

ASISTENCIA NA CARREIRA
A proba conta co apoio da Policía Local de Vigo, Protección civil, Vodea e organizacións que colaboran coa proba.

# PERCORRIDO CARREIRA 5+5



PERCORRIDO DA CARREIRA 5+5 CALVARIO
SAIDA EDIFICIO BANDEIRA
JENARO DE LA FUENTE
GREGORIO ESPINO
URZAIZ PEONIL DO CALVARIO
RUA TOLEDO
RUA CRONISTA ESPINOSA
AVDA DO AEROPORTO
CRUCE CON RUA CANTABRIA
AVDA DO AEROPORTO
RUA ARAGON
ROTONDA TRAVESIA DE VIGO
RUA ARAGON
META EDIFICIO BANDEIRA

Desnivel acum. subida: 161m
Desnivel acum. bajada: 107m
Altitud max. GPS: 179m

# NORMAS DA COMPETICION I

Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. Non cumprir esta norma implicará a descualificación das ou/e dos atletas acompañados.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do corredor/a, sen poder facer ningunha modificación neste.

Cada participante deberá correr co seu propio dorsal e chip, sendo incumprimento motivo de descualificación.

Dado o espiritu deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións.

A participación leva implícita a aceptación do regulamento da proba.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes.

A organización da proba reservase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento. O seu incumprimento será motivo de descualificación.

Todos os corredores/as ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/o internet.

A carreira darase por finalizada ás 12,30, tendo o último corredor 1,15h para a súa finalización.



# NORMAS DA COMPETICION II

**POR RAZÓNS DE FORZA MAIOR A ORGANIZACIÓN RESÉRVASE O DEREITO PARA MODIFICAR ESTE REGULAMENTO SE AS CIRCUNSTACIAS ASI O ACONSELLAN, AVISANDO NA MEDIDA DO POSIBLE.**

**A organización non asumirá ningunha responsabilidade se o evento aprázase ou se suspende por razóns de forza maior**

Así mesmo o equipo organizador e de acordo cos intereses deportivos da proba ,os rexistrados autorizan de maneira expresa e sen límite temporal á organización ao uso publicitario de fotos ,vídeos e calquera outro tipo de material fotográfico ou audiovisual na que poida figurar, aceptando a publicación do seu nome na clasificación da proba, nos medios de comunicación, cinema ou internet, sen esperar retribución algunha por este concepto.

**Todos os participantes polo feito de inscribirse, confirman que leron, entenden e aceptan o presente regulamento**



# ANDAINA

Esta proba ten carácter lúdico, familiar e deportivo.

A saída será as 09:30 horas, con anterioridade á saída das carreiras infantis.

As persoas participantes disporan de avituallamento líquido e sólido ao finalizar a andaina e dun avituallamento líquido na altura do mercado de Cabral.

Está estrictamente prohibido verter lixo no percurso da marcha, sendo motivo de expulsión da mesma.

Será obrigatorio levar en todo momento a identificación como participante mediante o dorsal da proba. A organización suscribe un seguro de accidentes e de responsabilidade civil para a andaina.

En todo caso, de cruzar a andaina parte do circuito da carreira, a preferencia é para os corredores, sendo os participantes da andaina responsabeis de non interferir no percurso da proba deportiva cronometrada 5+5 km.

En caso de abandono da proba, esta debe ser comunicada á organización da mesma.

Está prohibido seguir a marcha dos participantes por medio de calquer vehículo a motor non autorizado pola organización.



# PERCORRIDO ANDAINA 5+5




PERCORRIDO DA ANDAINA 5+5 CALVARIO
SAÍDA EDIFICIO BANDEIRA
RUA ARAGON
RUA PORTELA
AVDA. ALCALDE MARTINEZ GARRIDO
RUA CEBOLEIRA
ESTRADA DO VILAR
RUA BARXA DO COVELO
PASEO FLUVIAL DO RIO LAGARES
MERCADO DE CABRAL
AVENIDA RAMON NIETO
META EDIFICIO BANDEIRA

Desnivel acum.: 168m
Distancia: 9,9 km